

As historiografías que entre nós pretendían enalzar as virtudes nacionais tenden ao maniqueísmo verbo dos outros, dos diversos inimigos que en cada época tivo a nación obxecto e suxeito daquela paráfrase. Unha interpretación, as máis das veces, hermenéutica, metafísica, como se a nación fose un algo inmutado e inmutable, froito dunha decisión divina ou sideral que callara en determinado momento. Un ente que ten a obriga, xa que logo, de manter as esenciais orixinais.

A nosa crítica vale tanto para a historiografía española de matriz castelá como para esoutras, tamén baseadas na mitificación, que pretenden defenderse dela, sexan a galega, a vasca ou a catalá. Na configuración plural dos primeiros reinos cristiáns medievais esquecese con frecuencia o carácter residual dos mesmos despois da ruptura que supuxo a entrada na Península Ibérica das tropas comandadas polo caudillo rifeño Táriq ibn Ziad en 711 e, un ano despois por Muza, hai agora, pois catorce séculos.

Bos perpiaños tería aquela presenza cando —por diversas razóns— perdurou oito séculos. A historiografía española tradicional situou o elemento relixioso —co apóstolo Santiago a maneira de gran capitán— como o motor da expansión cristiá, esquecendo motivos militares, económicos e demográficos que explicaría porque a pretendida Reconquista se fixo a pulos, con épocas máis longas de estabilidade.

Evidentemente, canto máis sostida foi a presenza de poboacións de orixe non peninsular, maior foi a pegada que deixaron, cousa que se nota na Hispania “nova”; é dicir a que ficaría por baixo da liña imaxinaria que iría desde o río Mondego, os Sistemas Central e Ibérico deica a depresión do río Ebro. Unha pegada que atopamos en fenómenos lingüísticos e sociais.

Porén, os reinos desou-

tra Hispania “vella” tamén ficaron marcados, nin que fose como reacción, pola influencia de Al Andalus. E mesmo dunha maneira serodia, cando en 1609 os últimos españois de orixe musulmá, os chamados

moriscos, foron expulsados das súas terras, quer cara ao norte de África quer cara ás terras interiores do norte peninsular, onde terían máis difícil a reconstrución dunha sociedade de seu. Trátase

dunha vontade unitarista no eido da relixión que chegou a nivel máximo de intolerancia co labor da Inquisición e que contrasta coa convivencia, relativamente pacífica, de cristiáns mozarabes, xu-

deus e musulmáns nas terras de Al Andalus; polo menos, nos primeiros tempos destas.

Pero cal vén ser a herdanza daquela presenza? Mesmo en zonas de baixa influencia lingüística e

No imaxinario colectivo permanecen aqueles sucesos históricos que, dun xeito ou doutro, supuxeron unha xestación ou, en sentido contrario, unha anulación da identidade de tal colectivo, sexa local ou nacional. No caso galego, o mito por excelencia é o fundacional dos celtas, feito extensivo pola vía nacionalista a canto celta tivera campado por Europa adiante, aínda que pertencese a outra familia chegada séculos despois (caso da cultura dos campos de urnas fronte á campaniforme establecida no Atlántico).

Por negación da identidade colectiva, o mito que máis éxito tivo nas diversas terras hispánicas de berce cristián é o dos mouros. Calquera cousa que resultase misterio-

sa (un penedo, unha furna, unha ruína) pasou a ser alcumado “dos mouros”. Mesmo naquelas terras ás que os produtos americanos chegaron de maneira máis serodia, co-

Os mouros, fonte mitolóxica

mo Cataluña, o maízo foi alcumado de “trigo de mouro”, do mesmo xeito que os figos chumbos foron chamados “figos de mouro”.

Para o imaxinario popular, calquera ruína de cuxa orixe non se ti-

vese memoria pasou a ser, indefectiblemente, “dos mouros”, sendo en realidade moitas veces un castro ou unha cidadela ibérica. Mesmo en zonas que sempre foron cristiás, como o nacemento do Llobregat, atopamos o Clot del Moro (“furado do mouro”), coñecido hoxe pola fábrica de cemento centenaria. Ou tantos topónimos en Galicia e en Portugal que incorporan “dos mouros”, desde o castelo de Sintra ás “Covas dos Mouros” de Mugardos ou de Cervás, pasando por mámoas batizadas como “Forno dos Mouros” (Toques), “Casa dos Mouros” (Candeán) ou “Pedra dos Mouros” (Mogor), ou o castro do “Cano dos Mouros” en Oia. E iso que estiveron pouco tempo por acó!



Tropas árabes camiño da batalla, segundo unha miniatura (sec.VIII).

Tempo de Al Andalus

Catorce séculos do Guadalete

JOAQUIM VENTURA

cultural árabe temos exemplos de preferencia da forma aportada polos musulmáns fronte á de orixe latina. Iso, para alén de palabras de uso común chegadas de linguas veciñas como o castelán e o portugués.

Unha primeira, por exclusión, é o esquecemento, cando non a negación, de boa parte da cultura andalusí, xa que logo a de expresión escrita, cando foi a mellor representación da idade de ouro da cultura árabe. Marabillas como a mesquita cordobesa ou a Alhambra granadina deixan en ridículo a case calquera das construcións cristiás. Ou aínda fortaleza califal de Gormaz, que fai pequenos os castelos que lle deron nome á propia

Castela.

E despois de 1609, a diáspora dos moriscos veuse a engadir á toponimia de raiceiras musulmáns que atopamos en Galicia, León, Castela, o Aragón transibérico ou Cataluña. Qué fan un A Mesquita en terras ourensás, unha Pobra de Mafumet canda Tarragona ou un Mahamud na chaira burgalesa? Unha presenza que foi absolutamente ignorada, no caso do pujolismo, como se só houbera espazo na Historia para a Cataluña cristiá.

No imaxinario español moderno houbo, alén, unha fijación: a de combater “o mouro”, que medrou co colonialismo español en Marrocos, pero foi aproveitada sen escrúpulos polo golpismo franquista que mentres puña unha candeia ao Deus dos cristiáns, puña outra a ese diño das tropas de regulares —de triste lembranza— na Guerra Civil ou da “garda moura” de escolta, sen esquecer aquel capitán xeneral que estivo na Coruña, Mohamed ben Mizziám, por quen, seica, retiraron os cadros do apóstolo Santiago.

Hoxe temos entre nós novamente musulmáns por razóns migratorias. Hoxe, cando somos menos cristiáns que nunca.